


2<sup>o</sup>

CICLO DE PRIMARIA

# Bolboretas de CORES

Isabel Planas  
Maru Escobedo  
Raül Jiménez



Intermón  
Oxfam



CADERNO DE TRABAJO

2°

CICLO DE PRIMARIA



# Bolboretas de cores



Intermón  
Oxfam

Dirección colección: Eva Quintana

Traducción: Luísa Diéguez

Coordinación autoría: Raquel León

Coordinación producción: Elisa Sarsanedas

Fotografías: Javier Bauluz, Joan Palomes, Rosa Pons, Gervasio Sánchez, UNICEF,  
Fondo documental INTERMÓN OXFAM

Diseño cuberta: Xavier Valmaseda

Diseño e maquetación: Lluís Torres

As actividades deste caderno foron elaboradas polo alumnado da materia de Conflictos do mundo actual, impartida na Facultade de Formación do profesorado da UB (Universitat de Barcelona). Foron dirixidas por Anna Bastida, doutora en Historia Contemporánea e profesora de Didáctica das Ciencias Sociais.

1ª edición: xullo 2001

© Autoría: Isabel Planas, Maru Escobedo, Raül Jiménez

© Ilustracións: Ángel Sauret

© INTERMÓN OXFAM

Roger de Llúria, 15. 08010 Barcelona

Tel 93 482 07 00. Fax 93 482 07 07. E-mail: [intermon@intermon.org](mailto:intermon@intermon.org)

ISBN: 84-8452-074-9

Depósito legal:B. 33.676-2001

Impresión: Hurope s.l.

Impreso en España

Entidade colaboradora: Xunta de Galicia

Queda rigorosamente prohibida, sen a autorización escrita dos titulares do "copyright", a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento.

Impreso en papel exento de cloro.

# ÍNDICE

- 1 ¡A VER QUÉ SABES!
- 2 DEBUXÉMO-LA GUERRA, DEBUXÉMO-LA PAZ
- 3 ¡TEMOS UN CONFLICTO NA CLASE!
- 4 O GATO E O RATO
- 5 ¿QUEN FAI A GUERRA?
- 6 A BALANZA
- 7 NO MUNDO HAI GUERRAS
- 8 VIDAS PRIVADAS
- 9 ROBERTO, UN NENO DE ANGOLA
- 10 COÑEZAMOS ANGOLA
- 11 UN BERRO POLA PAZ
- 12 CAMBIEMOS ARMAS POR FUTURO
- 13 HISTORIA DE DÚAS CABRAS
- 14 ¿QUE APRENDEMOS?



Escribe



Banco de imaxes



Pinta



Pensa



Libro xigante

# 1

## ¡A VER QUÉ SABES!

-¡Ola! ¿Como estades?

Chámome Roberto, teño 10 anos e vivo nunha pequena aldea de Angola. Gústame moito ir á escola, pero o que máis me gusta é xogar cos meus amigos e cos coches de carreiras. Hoxe na escola fixéronnos estas preguntas. A ver qué responderías ti.




¿Que é unha guerra?

¿Con que adxectivos describirías unha guerra?

¿Cres que é o mesmo un conflito que unha guerra?





¿Sempre que non hai guerra hai paz?

¿Cres que a guerra é inevitable?

¿Que ocorre despois dunha guerra?


¿Que sabes das armas?  
¿Cres que son útiles?

¿Cres que cantas máis armas ten un país máis seguro é?

¿ Coñeces conflitos ou guerras actuais?  
Noméaos.

# 2

## DEBUXÉMO-LA GUERRA, DEBUXÉMO-LA PAZ




Debuxa qué entendes por guerra.

A large, empty, rounded rectangular box with a light blue border, intended for drawing or writing.


¿Que significa guerra para min?

Four horizontal lines provided for writing an answer to the question.





Debuxa qué entendes por paz e despois explica qué significa para ti.




¿Que significa paz para min?

---

---

---

---



# 3

## ¿TEMOS UN CONFLICTO NA CLASE!



Le con atención:

*Hoxe é o aniversario de Pepe. Esta tarde fará unha festa para celebralo. Invitou a toda a clase á festa menos a María, Xoán, Eduardo, Carme e Luís. Un dos nenos que foi invitado á festa dilles a estes cinco: "esta é unha festa para os mellores e vós non podeades ir. Por iso non vos invitaron". O grupo dos cinco...*

Representade esta situación e continuádea.



---

---

---


---

---

---

---

---




¿Cal é a mellor vía para soluciónalos conflitos que habitualmente vivimos?



# 4

## O GATO E O RATO

Este é un xogo moi divertido, pero tendes que pecha-los ollos e imaxinar todo o que escoitades para que funcione, ¿de acordo?



¿Que sentistes cando o gato se transformou en rato e vós en gato?

---

---

---

---

¿Que sentistes cando vos convertestes en rato e se vos achegou o gato?

---

---

---

---

## 5

## ¿QUEN FAI A GUERRA?

Lede as seguintes historias e descubriredes qué persoas participan nas guerras e nos conflitos.

—Un día chegaron á aldea uns homes estranxeiros que buscaban o meu vecino Ratko. O meu avó di que aqueles homes eran mercenarios ós que lle pagaran. Non querían que Ratko volveuse escribir nos xornais.

—Ós rapaces da aldea fanlles aprender a ser soldados. Gústalles levar un uniforme verde, agruparse en tropas, recibilas ordes dun oficial, ir á guerra. Moitos téñeno que facer para poder gañar diñeiro e axuda-la súa familia para que non pase tanta fame.




— Hai dous anos chegaron á aldea uns homes. Ían vestidos como os soldados pero non o eran. Queimaron as casas, mataron a moitos homes, levaron as mulleres. Dixéronnos que eran paramilitares.

— Moitas veces nun mes, veñen ás nosas casas homes e mulleres que se esconden. Perséguenos e nós axudámolles. Aínda que a min danme moito medo as armas que levan sempre consigo.



—O meu pai e o meu irmán maior son do exército israelí e pasan longas temporadas fóra. Bótoos de menos, pero cando volven á casa danme un pouco de medo: sempre levan unha arma, vestidos cun uniforme verde.




¿Que credes que pensan as persoas que viven nos lugares onde hai estes personaxes?

¿Credes que deben vivir moi tranquilos? ¿Por que?

¿Que pensas dos nenos soldados?


Escolle unha das historias e debúxaa.









## 6

## A BALANZA

Non tódalas armas son iguais. As **armas lixeiras** son as que poden ser transportadas e escondidas por unha persoa ou nun vehículo. En cambio, as **armas pesadas** teñen que ser transportadas por máis persoas e mesmo se pode necesitar un medio de transporte para movelas.



Pinta as armas lixeiras de cor VERDE e as armas pesadas de color VERMELLA.



## 7

## NO MUNDO HAI GUERRAS

Observade o mapa que tendes na colección de imaxes. Buscade cada país que aparece a continuación. Fixádevos na cor que lle adxudicamos.



Nome do país	Cor	Inicio e final do conflito
CHIAPAS	Verde porque é a cor da selva	Do 1994 en diante
SERRA LEONA	Dourada porque é a cor dos diamantes	Do 1991 en diante
LIBERIA	Negra porque é un país poboado polos escravos liberados de América do Norte	Do 1990 en diante
ALXERIA	Marrón porque é a cor do deserto	Do 1992 en diante
ISRAEL	Amarela porque o sol brilla con intensidade	Do 1948 en diante
ANGOLA	Violeta porque é a cor da xacaranda	Do 1961 en diante
TIMOR ORIENTAL	Azul turquesa porque é a cor do mar	Do 1975 en diante
BOSNIA - HERCEGOVINA	Vermella, cor que define o sufrimento que padeceron os seus habitantes	De abril do 1992 ata outubro do 1995

Pensade que aínda que na televisión e na radio non saian moito estes conflitos son moi importantes. ¿Sorprendeuvos que haxa tantos?



Responde estas preguntas:

¿Cales destes conflitos empezaron antes o voso nacemento?

---

---

---

¿Cales destes conflitos empezaron despois do voso nacemento?

---

---

---

¿Cantos anos tiñan os vosos pais cando empezaron estes conflitos?

---

---

---

¿Que duración ten cada conflito?

---

---

---

## 8

## VIDAS PRIVADAS

Le con atención estas historias.



¡Eu son  
Roberto!



-A ferida dunha arma fíxome moito dano e estame custando moito recuperarme. Os hospitais do meu país non teñen demasiados recursos, a miña recuperación está sendo moi lenta e aínda estou en perigo. A miña familia vive comigo no hospital porque non temos casa. Os homes que me feriron tamén nos queimaron a casa.



-Teño doce anos e xa son todo un profesional. Sonlle moi útil ó exército porque pódome esconder con facilidade e realizar traballos difíciles. Aquí no exército estou ben: danme de comer, un lugar onde durmir, diñeiro.



-O meu pai marchou hai dous anos á guerra. Eu, cada mañá, aínda teño a esperanza de volvelo ver, a pesar de que xa hai cinco meses que terminou a guerra. Bótoo moito de menos.



-Lembro cando vivía nunha casa, cun teito e unhas paredes. Destrozáronnos toda a aldea. Agora vivimos nun campo de refuxiados.



## 9


# ROBERTO, UN NENO DE ANGOLA

-“Son Roberto, teño 10 anos e vivo en Angola, un país africano que está en guerra. Un día, cando fun traballar ó campo cos meus pais vin unha cousa que parecía unha pelota de cores e deille unha patada. Pero explotou; era unha mina bolboreta que me destrozou unha perna. Desde que empezou a guerra, nin meus pais nin os demais habitantes da aldea poden cultiva-lo campo porque a terra está chea de minas e pasamos moita fame e medo.

Cada certo tempo debo ir ó Centro de próteses para que me cambien a perna que levo por unha de maior e nova, igual que vos ocorre a vós coas gafas, os ferros dentais, a roupa...

No Centro tamén hai unha escola pero non sempre podemos ir porque temos que axudarlles ós nosos pais a buscar comida e auga e a coida-los máis pequenos. Encántame coincidir con Fernando alí, porque podemos escribir no taboleiro, mirar libros, xogar, rir. Fernando é como a miña media laranxa, ten a perna que a min me falta e eu teño a que lle falta a el e cando nos abrazamos isomos como unha soa persoa con dúas pernas!

¿Por que hai xente que esconde estas “bolboretas” para facernos dano?



¿Que che sorprendeu da historia de Roberto?


¿Imaxinábala así?

¿Paréceche xusto o que lle sucedeu a Roberto? ¿Por que?





Busca unha fotografía túa e péga a no seguinte cadro. Seguidamente, explica a túa vida, tal como o fixo Roberto



---

---

---

---

---

---

---

---



.....

¿En que se parece a túa vida á de Roberto?

---

---

¿En que se diferencian?

---

---

**Poboación:**

11.185.000 habitantes

**Idioma:**

portugués e linguas de orixe bantú

**Capital:**

Luanda

**Esperanza de vida ó nacer:**

47 anos

1 médico cada 25.000 habitantes

Máis da metade da poboación é analfabeta (sobre todo a poboación feminina)

Angola é un país africano

- Angola é un país moi rico: ten plantacións de café, de cana de azucre, de millo. Son moi productivas e case todo o que se recolle expórtase a outros países. Angola tamén é un país moi rico en petróleo e en minerais, sobre todo en diamantes.
- A flora e a fauna do noso país é increíble: elefantes, crocodilos, hipopótamos, rinocerontes brancos. Hai unha zona semidesértica, con chuvias escasas, e unha zona con abundantes chuvias, nas terras altas, onde podemos encontrar pantanos. Pero non sempre podemos gozar dos nosos terreos, das nosas flores e dos nosos animais porque no solo do noso país están enterradas millóns de minas.





- No pasado Angola foi unha colonia portuguesa, pero desde 1975 é un estado independente. Sen embargo esta independencia supuxo moitos anos de conflitos e de guerra, porque decidir quen debía mandar foi moi dificultoso, pero quen máis sufriu as consecuencias foi o pobo de Angola.

- ¿Como se explica que o pobo de Angola sexa un dos máis pobres de todo o mundo? ¿Como pode ser que un dos países cos recursos máis ricos do mundo teña unha poboación que pase tanta pobreza?

- Os países ricos do Norte de Angola só ven: os diamantes, o petróleo, as minas de ouro. E é por iso que inviste moito diñeiro para mellora-la industria, a produción e a explotación dos recursos de Angola. Pero ¿quen recibe os beneficios de todo isto? O pobo non.

- O diñeiro que se obtén da venda, sobre todo dos diamantes e do petróleo, serve para que os gobernantes poidan obter diñeiro que non invisten no seu país senón na compra de armas e máis armas, que non farán ningún ben a ninguén. Máis ben ó contrario, ¡coa posesión de máis e máis armas, o risco de conflitos é cada vez maior!





.....

¿Quen debería beneficiarse dos diamantes e da riqueza que dan as terras de Angola?

---

---

---

¿Parécevos xusto que un dos países cos recursos naturais máis ricos do mundo teña unha poboación que está sufrindo miseria e tantos perigos?

---

---

---

¿Que fan os países ricos diante da situación de Angola?

---

---


---

¿Como cres que debería solucionarse a situación deste país?

---

---

---




# 11

## UN BERRO POLA PAZ

Na guerra de Bosnia, todo o mundo sufriu moito.  
Estes debuxos son de nenos e nenas que viviron esta guerra.

Sueños con la paz. UNICEF/Folio, Madrid, 1994



Nataša 11 anos



¿Que quere dicir este debuxo?

---

---

¿Que sentimentos che esperta?


---

---

Ponlle un título.

---

PAD CERICA



Sueños con la paz. UNICEF/Folio, Madrid, 1994

Mario, 11 años



¿Que quere decir este debuxo?

---

---

¿Que sentimientos che esperta?

---

---


---

---

Ponlle un título.

---

# CAMBIAMOS ARMAS POR FUTURO



Sofía: ¿Sabes que no meu país se está levando a cabo un proxecto para cambiar as armas por produtos verdadeiramente útiles para nós?

Roberto: Sofía, ¿Que significa iso?

Sofía: O meu país sofre enormemente debido ós graves efectos da guerra civil que vivimos durante 16 anos.

Home: Si, e que terminou co Acordo Xeral de Paz de Roma en 1992.

Roberto: ¿Terminou a guerra?

Sofía: Si. Pero aínda que empezou o proceso de paz, os exércitos do FRELIMO e a RENAMO desconfiaban e isto creou moitos problemas e moitas armas foron escondidas en lugares

secretos e pasos subterráneos. ¡Todo o mundo gardou unha arma na casa por se acaso a guerra volvía comezar!

O Consello Cristián e INTERMÓN OXFAM propoñen o intercambio de armas por produtos que sexan útiles e necesarios para que nós poidamos reconstruí-lo país.


Home: ¡Claro! Unha arma non é útil para subsistir, en cambio, iunha aixada permite labralo futuro!

Roberto: ¿E en que consiste este proxecto?


Sofía: Intercámbianse armas por produtos útiles como máquinas de coser coas que se poderán confeccionar vestidos; ferramentas para construír casas, traballar a terra. Queremos empezar de novo.

¿Queredes representar este proxecto de desarmamento de Mozambique?





¿Poderías conta-la historia que aparece nela?



Con Roberto aprendín que...

---



---



---



---



---



---



---



---

¿Que che parece que se podería facer para que nenos e nenas do mundo non tivesen que vivi-la situación que viviu Roberto?

---



---



---



---



---



---



---



---